



LECTURAS REALIZADAS POLOS DEPORTISTAS DO CLUB, ANDREA PIÑEIRO E SERGIO RÍOS, NO ACTO DE PRESENTACIÓN DA 50 BAIXADA DO EUME E DA INAUGURACIÓN DO EDIFICIO “CLUB NÁUTICO FIRRETE”

A LENDA DO EUME

Conta **a lenda do Eume** que, cando Deus creou os ríos, mandou nacer xuntas na Serra o Xistral a tres fontes; e prometeulle á primeira en chegar ao mar unha recompensa cada ano.

Naceron tres fontes xuntas e empezaron xuntas o seu percorrido cara ao mar co pacto de non chegar unha antes que as outras. Estas fontes eran as orixes dos ríos Eume, Masma e Landro.

Deus otorgoulles categorías divinas bautizándoos con resonancias gregas; Eume o da vertente atlántica, que debía fertilizar a terra das Pontes; Landro o da vertente norte, que tería que fecundar as carballeiras e facerlles producir landras; Masma o da ladeira norte, que crearía coa súa chegada ao mar as marismas.

As tres fontes cansaron polo camiño e acordaron parar a durmir, e que a primeira que espertase sería a que avisaría ás outras dúas.

A primeira espertou e continuou o camiño sen facer ruído para que non se desen conta as demais.

A segunda espertou e, vendo o sucedido, fixo o mesmo que a primeira.

Cando espertou o Eume viu que as outras fontes o enganaran e, enfurecido, marchou cara ao mar saltando por encima de todos os obstáculos que atopou no camiño.

Tivo que cruzar vales e montañas e, para gañar tempo, acelerou a súa marcha por Capela e Caaveiro... e logrou chegar primeiro. Por iso saíu bravo e agreste...

... e reclama todos os anos de nos, os e as piragüistas, respecto e valentía para gozar da Baixada.

47 ANOS DE IDAS E VINDAS

Din que quen esquece a historia está condenado a repetila e, como non queremos que iso aconteza, fagamos un pouco de memoria:



As primeiras instalacións que tivo o club foron no local da OJE (hoxe Casa da Xuventude) na Alameda; as piraguas almacenábanse no seu patio posterior.

Alí estívoase até 1973, ano en que o piragüismo, así como outras seccións, se desligan da OJE e se funda o CLUB NÁUTICO FIRRETE.

Ante a carencia dun local onde gardar o material, Jesús Fornos, o presidente que por aquela época era o fontaneiro do Concello de Cabanas, ofrece a posibilidade de marchar á praia de Cabanas.

"O Club era unha auténtica chabola", un rectángulo duns 15 metros de ancho por dez de longo, dividido en tres dependencias; almacén, ximnasio e vestiario; carecíase de auga e de luz eléctrica.

Un cubo de auga servía para sacar a area dos pés tras os adestramentos. Estaba construído cos restos da embalaxe da rotativa nova da imprenta Miguel López.

Situado preto da ponte de ferro os deportistas cruzaban este todos os días para ir adestrar. Os veteranos aconsellaban ós deportistas do club comprar unha boa lanterna para atravesalo nos días de inverno.

No ano 1979 tamén en Nadal e aproveitando as vacacións o Firrete trasládase a un almacén do peirao. Mellor dito, ás paredes da metade dun almacén, xa que carecía de tellado, polo que houbo que facelo.

Compartíase local cun mariñeiro, que gardaba alí redes e demais aparellos para a pesca. O ximnasio era a rúa e os bambáns dos xardíns que servían como improvisados aparatos de ximnasia.

Durante curtos períodos de tempo a mediados dos 80 tamén utilizouse os moteis primeiro, e un galpón da PPO despois como ximnasio.

Aguantouse até o ano 1987, ano no que o Firrete entra de "oKupa" no único almacén de Raxoi que estaba libre. Estaba completamente en ruínas.

No ano 1996 "trasladánnos" ao antigo local do varadoiro, aquí mesmo na praia de Sopazos.

O sitio, o mellor, a pé de auga. As instalacións pésimas. Só podíase usarse para almacenar piraguas.

No ano 2004 e até a 2016, volvese aos almacéns para gardar as embarcacións, sen ningún luxo, apenas unha lámpada, algúns estantes para colocar as embarcacións que nós mesmos construímos e moita paciencia para aguantar as catro ou cinco inundacións que cada ano sufríamos.

Iso si, tamén hai que dicilo, podíamos contar co ximnasio e os vestiarios do Pavillón Municipal.



<http://www.firrete.es> / firrete@yahoo.es / 605 23 66 46 – 616 62 89 90
Peirao s/n (Apartado de correos nº 13) 15.600 Pontedeume (A Coruña)

Mentres tanto foron moitos os éxitos conseguidos grazas á ilusión e paciencia dos padexeiros, vendo como clubs dos arredores que nós mesmos axudamos a formar tiñan as mellores e axeitadas instalacións.

Por fin, hoxe inauguramos de maneira oficial unha instalación digna, onde poder levar ao cabo todos os nosos proxectos en óptimas condicións; dende o piragüismo de competición até o piragüismo de ocio-recreación.

Foron 47 anos de idas e vindas, de "buscarse a vida", de "oKupar" locais que ían quedando en desuso, acondicionándoos na medida das nosas posibilidades.

Foron tamén 47 anos de loita, de pelexa por unhas instalacións deportivas dignas, acordes ao nivel que demostrou esta entidade.

CLUB NÁUTICO FIRRETE

